



Concello  
de Arzúa

## CMUS PROFESIONAL ARZÚA

### **Que requisitos teño que cumplir para poder matricularme en 1º curso de grao elemental?**

Ter entre 8 e 14 anos de idade feitos neste ano e superar unha proba de aptitude o 11 de xuño ás 16.00 horas que non require de ningún coñecemento musical previo.

### **Como podo acceder a outros cursos?**

Superando unha proba de acceso para avaliar o meu nivel de instrumento e de coñecementos teórico-prácticos das materias de cursos anteriores.

### **Hai oferta de ensinanzas para menores de 8 anos?**

Na Esmu Municipal Arzúa matriculándose en Música e movemento a partir dos 4 anos de idade.

### **E para persoas adultas?**

Dispoñemos dun nivel de ensinanza musical non regrada para persoas de todas as idades.

### **Que instrumentos podes aprender a tocar?**

Clarinete, Frauta traveseira, Saxofón, Trompeta, Trompa, Trombón, Tuba, Violín, Viola, Violonchelo, Contrabaixo, Piano e Percusión.

### **Que outras materias impartimos?**

Linguaxe musical, Educación auditiva e vocal, Harmonía, Historia da música, Análise, Banda, Pedagogía, Coro, Orquestra, Música de cámara e moitas outras.

### **Que recibes a cambio?**

Ao remate dos teus estudos de música regrados conseguirás o Título Profesional de Música.

### **Para que me serve este título?**

Para acceder ao mercado laboral como profesora/r de escolas de música ou como músico de orquestras sinfónicas e bandas de música profesionais.

### **Onde podo actuar cos meus estudos de música?**

Como solista ou en grupos de todos os estilos, en especial orquestras sinfónicas e bandas.

### **Podo compaxinar os estudos de música cos do colexio ou os do instituto sen problema?**

Sí, incluso aumentando o rendemento porque a música traballa áreas do cerebro que estimulan a aprendizaxe das matemáticas e da linguaxe. Ademais, hai validacións co instituto que che deixan máis tempo libre para poder levar os teus estudos.

### **Canto hai que pagar de matrícula?**

As taxas oscilan entre 15 € a 52 € por mes, pero podes solicitar beca no grao profesional e dispoñemos de diferentes bonificacións e facilidades de pago.

### **Onde podo recibir máis información?**

Nas nosas oficinas do Cmus Profesional Arzúa situado na Rúa Santiago número 60, no teléfono 655 53 80 35 ou no correo electrónico: [cmus.profesional.arzua@edu.xunta.gal](mailto:cmus.profesional.arzua@edu.xunta.gal)

**ANÍMATE E VÉN A ESTUDAR MÚSICA CON NÓS**